



## INSTRUCCIÓNS RELATIVAS AO ESTUDO DE MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS

### A.- INSTRUCCIÓN XERAIS

#### Quen debe presentar o estudo de minimización de residuos?

Teñen a obriga de presentalo:

- Os produtores de residuos perigosos que xeren unha cantidade total igual ou superior a 10 toneladas anuais de residuos.
- Os produtores de residuos non perigosos que xeren unha cantidade total igual ou superior a 1.000 toneladas anuais.

#### Cal é o prazo de presentación do estudo de minimización?

Unha vez que a empresa cumpra 3 anos consecutivos de desenvolvemento da actividade profesional deberá presentar o estudo de minimización no primeiro trimestre do 4º ano.

#### A quen se dirixe?

Por correo electrónico en formato editable ao enderezo [residuos.pla@xunta.es](mailto:residuos.pla@xunta.es) e en formato papel a:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental  
Subdirección Xeral de Residuos e Solos Contaminados.  
Servizo de Planificación, Prevención e Información  
Rúa San Lázaro, s/n  
15781 – Santiago de Compostela (A Coruña)

#### Onde se presenta?

- No Rexistro xeral desta Consellería ou nos rexistros das xefaturas territoriais.
- Nos rexistros dos concellos, cando teñan subscrito o convenio de portelo único.
- Nas oficinas de correos (correo certificado).

#### Varios centros de traballo dunha mesma empresa:

Unha mesma empresa que teña varios centros de traballo en distintas localizacións xeográficas de Galicia deberá consideralos no mesmo estudo de minimización de forma separada e seguindo os requirimentos do Anexo I da Orde do 20 de xullo de 2009.

#### Formato da información dos residuos xerados:

Toda a información referente a procesos, produtos finais e xeración de residuos deberá indicarse nos Anexos da Orde do 20 de xullo. Os formularios pódense obter do seguinte enderezo web: <http://sirga.cmati.xunta.es/estudo-de-minimizacion>

#### Normativa aplicable

- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan os contidos dos estudos de minimización da produción de residuos que deben presentar os produtores de residuos de Galicia. (DOG nº 160 do día 17 de agosto de 2009)
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.



- Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Xestores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.

## **B.- INSTRUCCIÓN DETALLADAS**

### **-PORTADA-**

A portada debe presentarse cuberta xunto co formulario para cada un dos centros de traballo xeradores de residuos que a empresa teña en Galicia.

### **DATOS DA EMPRESA**

Neste apartado cubrirase a información referente aos datos xerais da empresa:

- o **Nome/Razón social:** denominación da empresa produtora
- o **NIF:** número ou código de identificación fiscal da empresa.
- o **Domicilio social:** enderezo da razón social da empresa
- o **Código postal:** o correspondente da dirección da razón social
- o **Concello:** aquel onde está situada a razón social
- o **Teléfono:** o da razón social.
- o **Provincia:** a correspondente do concello onde está a razón social
- o **FAX:** o número de FAX da razón social
- o **Correo electrónico:** correo electrónico da empresa

### **ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Neste apartado indicarse o enderezo elixido pola empresa (en caso de que sexa diferente ao da razón social) para recibir as notificacións por escrito, ou por correo electrónico, procedentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

### **PERSOA DE CONTACTO**

Neste punto deberán indicarse os datos da persoa coa que a administración deberá poñerse en contacto no caso de que se produzan incidencias ou xurdan dúbidas sobre os datos declarados.

### **REPRESENTANTE**

Indicarase aquí os datos persoais do representante legal da empresa ou, no seu caso, os datos persoais da persoa autorizada en nome e representación da empresa, como responsable da tramitación e modificación dos estudos de minimización presentados por aquela ante esta Consellería.

### **CENTROS**

Cubriranse os datos de denominación e enderezo de cada un dos centros da empresa xeradores de residuos e localizados en Galicia. Para cada un dos centros de traballo debora cubrirse un formulario do estudo de minimización.



## **-FORMULARIO-**

Cubrirase este formulario para cada un dos centros de traballo da empresa xeradores de residuos. Remítanse todos os formularios constituíndo un único documento e acompañado pola folla de portada, descrita anteriormente.

Os títulos dos epígrafes que se describen a continuación coinciden cos que aparecen no formulario do Estudo de Minimización

### **1.- DATOS DO CENTRO DE TRABALLO**

Neste apartado cubrirase a información sobre os datos xerais do centro de traballo xerador de residuos ao que se aplica o estudo de minimización:

- **Denominación do centro:** a correspondente ao cento de traballo xerador de residuos.
- **Código CNAE:** actividade desempeñada no centro de traballo segundo o Código Nacional de Actividades Empresariais (CNAE 93. Rev. 1), publicado polo *Instituto Nacional de Estadística*.
- **Enderezo:** o dese centro de traballo.
- **Código postal:** o correspondente á dirección postal do centro de traballo.
- **Concello:** aquel onde está localizado o centro de traballo.
- **Teléfono:** o do centro de traballo.
- **FAX:** o número de FAX do centro de traballo.

### **2.- DATOS DO PROCESO**

Cubrirase un apartado referente a “Datos do proceso” para cada un dos procesos nos que teña lugar a xeración de residuos. Para cada proceso indicarse ademais a seguinte información:

#### **2.1.- DATOS XERAIS**

- **Nº de orden:** número correlativo para asignar os diferentes procesos existentes no centro de traballo.
- **Denominación do proceso:** indicarse o nome co que a empresa identifica dito proceso.
- **Código Táboa 7 Anexo I do R. D. 833/1988:** refírese a codificación do proceso segundo o indicado na Táboa 7 do Anexo I do Real Decreto 833/1988.
- **Descrición do proceso:** indicarse unha breve descrición do proceso produtivo. En caso de que se considere necesario pode acompañarse a descrición cun diagrama de fluxo xeral do proceso xunto coa relación de maquinaria empregada, para facilitar unha maior comprensión do proceso.

#### **2.2.- MATERIAS PRIMAS CONSUMIDAS**

Indicarse unha relación das materias primas consumidas no proceso produtivo descrito no apartado anterior.

- **Denominación da materia prima:** é o nome co que se designa a materia prima empregada no proceso.
- **Código:** codificación da materia prima segundo a Clasificación Nacional de Produtos por Actividades, publicada polo Instituto Nacional de Estadística.

Exemplo: *Materia prima consumida: “Filtros de aceite”. Código: 292413. “Carbón vexetal”. Código: 241472.*

#### **2.3.- PRODUTOS OU SERVIZOS OBTIDOS**

Debe facerse unha relación de todos os produtos ou servizos obtidos no proceso produtivo en cuestión.

- **Denominación do produto ou servizo:** nome co que se denomina ao produto ou servizo obtido.
- **Código CPA-2002:** codificación do produto ou servizo segundo a Clasificación Nacional de Produtos por Actividades, publicada polo Instituto Nacional de Estadística.

Exemplo:

*Servizo obtido: “Servizo de reparación e mantemento de automóbiles”. Código: 50201.*

*Produto obtido: “Enerxía eléctrica”. Código: 40111.*

#### **2.4.- RESIDUOS PERIGOSOS XERADOS**

Deberá indicarse unha relación de todos os residuos perigosos xerados no proceso produtivo en cuestión.

- **Denominación do residuo perigoso:** a denominación que lle corresponde ao residuo perigoso xerado.



- **Código LER:** Código dese residuo segundo a Lista Europea de Residuo (LER), publicada no Anexo 2 da Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro. (BOE Nº 43. Martes, 19 de febreiro de 2002 )
- **Destino final/ xestión:** tipo de xestión que se lle aplica ao residuo, ou tipo de tratamento aplicado (reutilización, reciclado, valorización, eliminación ou vertedoiro).

## 2.5.- RESIDUOS NON PERIGOSOS XERADOS

*(Este apartado é opcional para as empresas que xeren menos de 1.000 toneladas anuais de residuos non perigosos)*

Deberá indicarse unha relación de todos os residuos non perigosos xerados no proceso produtivo en cuestión.

- **Denominación do residuo non perigoso:** a denominación que lle corresponde ao residuo perigoso xerado.
- **Código LER:** Código dese residuo segundo a Lista Europea de Residuo (LER), publicada no Anexo 2 da Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro. (BOE Nº 43. Martes, 19 de febreiro de 2002 )
- **Destino final/ xestión:** tipo de xestión que se lle aplica ao residuo non perigosos, ou tipo de tratamento aplicado (reutilización, reciclado, valorización, eliminación ou vertedoiro).

## 3.- DATOS DOS PRODUTOS OU SERVIZOS FINAIS OBTIDOS

Deberán identificarse todos os produtos ou servizos finais obtidos, polo que se terá que indicar para cada un deles a seguinte información:

### 3.1.- DATOS XERAIS

- **Nº de orden:** número correlativo para asignar os diferentes produtos ou servizos obtidos.
- **Denominación do produto ou servizo:** indicárase o nome que a empresa utiliza para denominar o produto ou servizo obtido.
- **Código CPA-2002:** refírese a codificación do produto ou servizo segundo a Clasificación Nacional de Produtos por Actividades, publicada polo *Instituto Nacional de Estadística*.

### 3.2.- EVOLUCIÓN DA XERACIÓN DE PRODUTOS OU SERVIZOS FINAIS

Deberá indicarse a cantidade de produto ou servizo obtido nos tres anos anteriores ao da presentación do estudo de minimización.

- **Ano:** indicar os tres anos anteriores aos da presentación do estudo de minimización.
- **Cantidade anual producida:** produción total por ano do produto ou servizo final obtido no que se xeraron residuos.
- **Unidade:** será a correspondente para cuantificar o produto ou servizo final anual obtido.

### 3.3.- PREVISIÓN DA PRODUCCIÓN

Deberá indicarse a previsión de produción para os vindeiros catro anos seguintes ao da presentación do estudo de minimización.

- **Ano:** indicar os catro anos que contemplará o estudo de minimización.
- **Cantidade anual estimada:** estimárase a cantidade de produto ou servizo que a empresa prevé obter durante o cuadrenio.
- **Unidade:** será a correspondente para cuantificar a previsión do produto ou servizo.

## 4.- DATOS DOS RESIDUOS PERIGOSOS XERADOS

Cubrirase unha folla deste apartado para cada un dos residuos perigosos xerados coa seguinte información.

### 4.1.- DATOS XERAIS

- **Nº de orden:** número correlativo para asignar os diferentes residuos perigosos.
- **Denominación do residuo:** nome co que se designa ao residuo perigoso xerado.
- **Código LER:** Código dese residuo segundo a Lista Europea de Residuo (LER), publicada no Anexo 2 da Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro. (BOE Nº 43. Martes, 19 de febreiro de 2002).
- **Denominación do produto ou servizo final asociado á xeración do residuo:** é o nome que se asignou ao produto ou servizo final obtido asociado á xeración do residuo perigoso avaliado neste apartado.



- **Nº de orde do produto ou servizo final:** é o número asignado ao produto ou servizo final asociado á xeración do residuo perigoso descrito neste apartado.

#### 4.2.- EVOLUCIÓN NA XERACIÓN DOS RESIDUOS PERIGOSOS

Indicarase a situación do residuo durante os tres anos anteriores ao da presentación do estudo de minimización:

- **Ano:** indicaranse os tres anos anteriores aos da presentación do estudo.
- **Cantidade anual xerada (t):** toneladas de residuo perigoso xeradas por ano. Este valor deberá ser o mesmo que o indicado no documento de Declaración Anual de Residuos Perigosos.
- **Ratio de xeración do residuo por unidade de produción (t residuo/ ----):** cociente entre a cantidade de residuo perigoso xerado e a cantidade de produto ou servizo final obtido e asociado a ese residuo. Deberán indicarse as unidades empregadas no ratio.

*Exemplo: Residuo xerado = 50 t (toneladas). Produto obtido = 300 t. Ratio de xeración = 50 t /300 t = 0,17 t Residuo/ t Produto.*

#### 4.3.- MEDIDAS DE MINIMIZACIÓN A ADOPTAR

Deberán explicarse as medidas de minimización que a empresa prevé implantar durante o cuadrienio do estudo. Para cada medida proposta indicarse:

- **Nº de orden:** número correlativo para asignar as medidas de minimización.
- **Descrición:** breve descrición das medidas de minimización previstas para aplicar ao residuo en cuestión.
- **Tipo de medida:** refírese a natureza da medida de minimización proposta. Pode ser:
  - **Boas prácticas:** BP
  - **Cambio de materia prima:** CM
  - **Novas tecnoloxías:** NT
  - **Reciclaxe ou recuperación en orixe:** RO
  - **Modificación do produto:** MP
  - **Outras:** OT
- **Ano de execución previsto:** refírese ao ano pertencente ao cuadrienio do estudo no que a empresa prevé comezar a implantación ou aplicación da medida proposta.
- **Observacións:** apartado para indicar as aclaracións pertinentes sobre as medidas de minimización propostas. No caso de que non se propoñan medidas farase unha explicación de cales son os motivos.

#### 4.4.- PREVISIÓN DA PRODUCCIÓN

Neste apartado indicaranse as cantidades de residuos que a empresa estime que vai xerar nos vindeiros catro anos:

- **Ano:** indícanse os catro anos que comprenderán o estudo de minimización.
- **Cantidade anual estimada (t):** tendo en conta a cantidade de residuo xerada nos anos pasados e segundo as medidas de minimización propostas a empresa fará unha estimación da cantidade de residuo que prevé que vai xerar nos vindeiros catro anos.
- **Porcentaxe de redución respecto ao ratio do ano de referencia:** este porcentaxe determinarase aplicando a seguinte expresión:

$$\% \text{ Redución} = \left[ \frac{R_{\text{Referencia}} - R_{(\text{Ano})i}}{R_{\text{Referencia}}} \right] * 100$$

$R_{\text{Referencia}}$  = Ratio de xeración de residuo do ano anterior ao da presentación do estudo de minimización, que é o ano que se toma como referencia.

$R_{(\text{Ano})i}$  = Ratio de xeración do ano que se considere. (i = 1, 2, 3, 4)

*Exemplo:* - Estudo de minimización para o período 2010-2013

-  $R_{\text{Referencia}}$  = Ratio de xeración do ano 2009

-  $R_{(\text{Ano})1}$  = Ratio de xeración do ano 2010

-  $R_{(\text{Ano})2}$  = Ratio de xeración do ano 2011

-  $R_{(\text{Ano})3}$  = Ratio de xeración do ano 2012

-  $R_{(\text{Ano})4}$  = Ratio de xeración do ano 2013

#### 5.- DATOS DOS RESIDUOS NON PERIGOSOS XERADOS

As empresas que xeren mais de 1.000 toneladas anuais de residuos non perigosos deberán indicar os datos solicitados nos diferentes subapartados deste epígrafe. A información é similar á solicitada no epígrafe 4.